

Po de estrelas é unha novela científica de Xurxo Mariño Alfonso, escrita como una continuación da súa obra anterior *Os dados do reloxeiro*. O libro está formado por 32 artigos de divulgación científica que tocan temas do máis variado: dende o nacemento do sol ata o ADN mitocondrial, pasando polo estudo da medición do tempo ou o estudo da vida dos astronautas no espazo. Cando comecei a lelo puxen en práctica un costume un tanto malo que teño, que consiste en ir marcando as páxinas ou os capítulos que máis me gustan dobrando a esquiniña da páxina. O problema chegou cando pechei o libro e deime de conta de que enchera o libro de marquiñas e agora era tres veces máis goso do normal. É que en realidade o libro é realmente interesante, incluso os seus capítulos mais pesados, que están moi moi contados, no fondo son interesantes, como por exemplo o capítulo “Unha visión do papel dos seres vivos na natureza”, non é que sexa aburrido senón que queda eclipsado por outros capítulos mellores. A min especialmente gustáronme capítulos coma “ primeiras impresións dunha correspondente nun mundo novo” (no cal nos fala da expedición realizada pola sonda “Huygens” na maior lúa de Saturno, Titán) capítulo que o mesmo autor comentou na conferencia que deu no noso instituto o igual ca o capítulo “Buscando vida no planeta terra” (o cal nos fala dos posibles métodos que uns supostos extraterrestres poderían empregar para pescudar se existe vida ou non na terra) ou o artigo “Os problemas de vivir sendo un analfabeto dos números “ (no cal nos fala das crenzas e supersticións baseadas na ignorancia que nos fan crer en cousas tan parvas como que comprando en certo sitio teremos máis sorte ou que certos números nos dan máis sorte ca outros). A parte disto, chamáronme a atención especialmente os artigos relativos a vida dos astronautas, moito máis dificultosa do que eu pensara nunca, e o capítulo “ Cal é o invento máis importante dos últimos 2000 anos?”, do cal me sorprendeu a proposta do físico Freeman Dyson que suxeriu que o mellor invento fora o feo, ou herba seca, posto que sen ela non houbesen podido aparecer cidades coma Viena, París ou incluso Nova York, unha idea que a moi poucas persoas se lles pasa pola cabeza. Tamén me pareceron especialmente bos os capítulos do final reunidos no bloque “ seres non humanos”, dos cales resaltarei o primeiro, que nos fala dunhas pequenas formigas capaces de construír auténticas trampas mortais, destinadas a cazar outros insectos moito maiores ca elas. Ademais, o final dos capítulos aparecen unha serie de ligazóns a páxinas de internet que falan do tema dos artigos: no capítulo das formigas por exemplo, temos unha estupenda ligazón que nos mostra fotografías das trampas que estas enxeñosas formigas se apañan para facer. Por último, non debemos esquecer as ilustracións humorísticas do libro, que tamén lle dan o seu encanto e o fan mais levadeiro, e o magnífico infográfico do seu interior. En xeral, tardei en lelo mais ou menos dúas tardes, para o meu gusto, moi ben gastadas. **(Antía)**